

Campamentos de verán 2010

02.01.2010 - 09.05.2010

Campamentos de verán no Centro de Vacacións de A Lanzada - O Grove da Deputación de Pontevedra

CONVOCA:

[DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.](#)

CONTIDO:

[CAMPAMENTOS DE VERÁN NO CENTRO DE VACACIONS DE A LANZADA- O GROVE.](#) A través da realización de diversas actividades lúdico-educativas, que se desenvolven en contacto directo coa natureza, favorécese a creatividade, imaxinación e iniciativa, promóvese a autonomía e responsabilidade dos/as participantes e foméntase o respecto, a convivencia e solidariedade entre compañeiros/as.

REQUISITOS:

Nenos e nenas nados entre os anos 1997 e 2002, ambos incluídos, que teñan o seu domicilio habitual no Concello de Sanxenxo.

DATAS E HORARIOS:

Desenvolveranse en **10 quendas** de **sete días** cada unha.

01ª Quenda: Do 24 de xuño ao 30 de xuño.

02ª Quenda: Do 01 ao 07 de xullo.

03ª Quenda: Do 08 ao 14 de xullo

04ª Quenda: Do 16 ao 22 de xullo.

05ª Quenda: Do 23 ao 29 de xullo.

06ª Quenda: Do 01 ao 07 de agosto.

07ª Quenda: Do 08 ao 14 de agosto.

08ª Quenda: Do 16 ao 22 de agosto.

09ª Quenda: Do 23 ao 29 de agosto.

10ª Quenda: Do 30 de agosto ao 05 de setembro.

A **incorporación** dos/as participantes ao campamento asignado, terá lugar o primeiro día entre as **10** e as **11** horas e a **saída** o derradeiro día ás **10** horas.

LUGAR:

Centro de Vacacións de A Lanzada en O Grove, con aloxamento en tendas de campaña de 5 prazas cada unha.

DOCUMENTACIÓN:

Entregaranse as seguintes **Follas de Solicitud de Praza e de Inscripción**, debidamente cubertas e asinadas, xunto cunha fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor/a; unha fotocopia do DNI do/a menor ou, de non telo, fotocopia do libro de familia ou certificado de nacemento; unha fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor; un certificado médico e un volante de empadramento.

CUSTO:

68 Euros, que inclúen o aloxamento e a manutención, en réxime de pensión completa, a atención sanitaria e o programa de actividades culturais, deportivas, medioambientais, multiaventura e turísticas, dirixidas por monitores/as especializados/as en animación sociocultural e actividades de tempo libre. Para a excursión que se realiza á Illa de Ons, cómpre aboar despois **12 Euros**.

PRAZO:

Ata o **venres, 7 de maio** de 2010, ás **12 horas**.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Sanxenxo. Rúa Independencia, 5- baixo (36970) PORTONOVO- SANXENXO. Tlf/Fax 986 690 077 omix@sanxenxo.org / www.sanxenxo.es / www.depo.es



Deputación
Pontevedra

2010

Campamentos
verán



